

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 25 DE

ABRIL DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do GM (PG); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez, don José Antonio Baamonde López, dona M^a Jesús Vieites Mariñas e dona Carmen Tato Lago, concelleiros non adscritos.

Non asisten, con escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez e dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.

Asiste dona Isabel M^a Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Sorteo para nomear aos membros das mesas electorais nas vindeiras eleccións locais que terán lugar o 22 de maio de 2011, segundo convocatoria efectuada por Real Decreto 424/2011, de 28 de marzo

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, efectúese o sorteo público dos membros das mesas electorais e suplentes de entre a totalidade de persoas censadas nas seccións e cos requisitos establecidos no parágrafo segundo do citado artigo.

O programa informático utilizado para o sorteo é o facilitado pola Oficina do Censo Electoral.

De orde do señor presidente, a secretaria da corporación dá lectura ao nome dos membros resultantes do sorteo, tal e como se transcribe a seguir:

Distrito: 01 Sección: 001 Mesa: A

Presidente: Mirian Graña Pan

Presidente suplente primeiro: Pablo López Varela

Presidente suplente segundo: Ana María González Pardal

Vogal primeiro: M. Rosario Cortizas Bouza

Vogal 1º suplente primeiro: Sara Barcia Pérez

Vogal 1º suplente segundo: Jesús Manuel López Pérez

Vogal segundo: Jakson Álvarez Aguirre

Vogal 2º suplente primeiro: José Luis Guillaza Carballal

Vogal 2º suplente segundo: Candela Alvarellos Rodríguez Navas

Distrito: 01 Sección: 001 Mesa: B

Presidente: M Carmen Medín Acea

Presidente suplente primeiro: María Del Carmen Rey Amor

Presidente suplente segundo: Jesús Manuel Núñez Gayo

Vogal primeiro: Oscar Suárez López

Vogal 1º suplente primeiro: Cándido Suárez Varela

Vogal 1º suplente segundo: Margarita Naveira Vidal

Vogal segundo: Alejandro Suárez Conde

Vogal 2º suplente primeiro: Ricardo Pulleiro Bermúdez

Vogal 2º suplente segundo: Susana Silveira Varela

Distrito: 01 Sección: 002 Mesa: A

Presidente: Sheila Estefanía García Mantiñan

Presidente suplente primeiro: David Isaac Iglesias Mosquera

Presidente suplente segundo: Ana Concheiro Matos

Vogal primeiro: Juan Manuel Álvarez Llana

Vogal 1º suplente primeiro: María Estibaliz Arteche Herault

Vogal 1º suplente segundo: Jesús Andrade Ares

Vogal segundo: Diego González Lesta

Vogal 2º suplente primeiro: Juan José López Mallo

Vogal 2º suplente segundo: M. Belén Canosa Rey

Distrito: 01 Sección: 002 Mesa: B

Presidente: María Begoña Robles López

Presidente suplente primeiro: Pilar Vázquez Iglesias

Presidente suplente segundo: Cesar Yáñez Arca

Vogal primeiro: María Viqueira Bouzas

Vogal 1º suplente primeiro: M. Teresa Vázquez Seoane

Vogal 1º suplente segundo: M. Dolores Moscoso Muiños

Vogal segundo: José Iván Pulleiro Garabato

Vogal 2º suplente primeiro: Iván Naya Fernández

Vogal 2º suplente segundo: Irene Ríos Díaz

Distrito: 01 Sección: 003 Mesa: A

Presidente: María Sagrario Blanco García
Presidente suplente primeiro: María Del Carmen Ferreño Penas
Presidente suplente segundo: Javier Feito Conde
Vogal primeiro: M. Carmen Blanco Presedo
Vogal 1º suplente primeiro: Cristina Afonso Purriños
Vogal 1º suplente segundo: Arturo Castañeda Cid
Vogal segundo: Ana María Centeno Sastre
Vogal 2º suplente primeiro: Guillermo García Piñeiro
Vogal 2º suplente segundo: Cristina Andón Yáñez

Distrito: 01 Sección: 003 Mesa: B

Presidente: María Fe Rodríguez García
Presidente suplente primeiro: José Vega Patao
Presidente suplente segundo: José Méndez Corral
Vogal primeiro: Yasmery Del Carmen Reyes Paez
Vogal 1º suplente primeiro: David Mella Rodríguez
Vogal 1º suplente segundo: Jaime Martínez Sabio
Vogal segundo: María Lourdes Paz López
Vogal 2º suplente primeiro: M. Del Carmen Morano Martínez
Vogal 2º suplente segundo: José Diego Vázquez Conchado

Distrito: 01 Sección: 004 Mesa: A

Presidente: Isabel María Hermida Seoane
Presidente suplente primeiro: Roberto González Soto
Presidente suplente segundo: Samuel González Poy
Vogal primeiro: Eva López Pico
Vogal 1º suplente primeiro: Manuel Ascariz García
Vogal 1º suplente segundo: M. Isabel Barros Rivas
Vogal segundo: Dolores Matilde Fariña Álvarez
Vogal 2º suplente primeiro: Josefa Marina Enriqu Bosch Farrera
Vogal 2º suplente segundo: Leticia Álvarez Mangas

Distrito: 01 Sección: 004 Mesa: B

Presidente: Vanessa Suárez Barreiro
Presidente suplente primeiro: María Romero Vidal
Presidente suplente segundo: Luz María Paredes Álvarez
Vogal primeiro: Ana Isabel Martínez Mouriño
Vogal 1º suplente primeiro: Jesús Pedreira García
Vogal 1º suplente segundo: Olga Serrano Santos
Vogal segundo: M. Esther Vázquez Varela
Vogal 2º suplente primeiro: María De Los Ángeles País Rodríguez
Vogal 2º suplente segundo: María Isabel Pérez García

Distrito: 01 Sección: 005 Mesa: A

Presidente: José Luis Gómez Regos

Presidente suplente primeiro: Javier Francisco Fraga Rodríguez

Presidente suplente segundo: Carmen Dolores María Cebeiro Orosa

Vogal primeiro: Gustavo López Moran

Vogal 1º suplente primeiro: Cesar Balado Tarrela

Vogal 1º suplente segundo: Bruno Fraga Rodríguez

Vogal segundo: Julio Casas Souto

Vogal 2º suplente primeiro: María Del Pilar Amor Tejjido

Vogal 2º suplente segundo: Manuel Aldao Martínez

Distrito: 01 Sección: 005 Mesa: B

Presidente: Cristina Suárez Lis De

Presidente suplente primeiro: María Jesusa Rial Lastres

Presidente suplente segundo: María Isabel Rodríguez Macia

Vogal primeiro: José Manuel Prego Grela

Vogal 1º suplente primeiro: Yolanda Martínez Martínez

Vogal 1º suplente segundo: Juan Jesús Rodríguez Oviedo

Vogal segundo: María Del Pilar Souto Muiño

Vogal 2º suplente primeiro: M. Jesús Taboada Novo

Vogal 2º suplente segundo: Josefa Sánchez Vázquez

Distrito: 01 Sección: 006 Mesa: U

Presidente: Jesús Abel Domínguez Fernández

Presidente suplente primeiro: Yaiza Antelo Carracedo

Presidente suplente segundo: M. Del Carmen Martínez Noya

Vogal primeiro: M. Jesús Casal Enero

Vogal 1º suplente primeiro: M. José Gion Caamaño

Vogal 1º suplente segundo: Santos Fernández Pérez

Vogal segundo: Antonio José Panceiras Pérez

Vogal 2º suplente primeiro: José Losada Roca

Vogal 2º suplente segundo: María Vanessa Santos Tenreiro

Distrito: 01 Sección: 007 Mesa: A

Presidente: Natalia Celis Menéndez

Presidente suplente primeiro: Jesús Manuel Giz Novo

Presidente suplente segundo: Luis Antonio Bravo Fernández

Vogal primeiro: Mauro González Patiño

Vogal 1º suplente primeiro: David Barbazan Cañamero

Vogal 1º suplente segundo: Víctor Galán Rico

Vogal segundo: José Juan Fernández Reiriz

Vogal 2º suplente primeiro: M. Elena García Esteban

Vogal 2º suplente segundo: Antonio Castro Barreiro

Distrito: 01 Sección: 007 Mesa: B

Presidente: María Carmen Martínez Fernández
Presidente suplente primeiro: Miguel Martínez Villar
Presidente suplente segundo: Jorge Juan Saborido López
Vogal primeiro: M. José Méndez Martínez
Vogal 1º suplente primeiro: Gonzalo Varela Díaz
Vogal 1º suplente segundo: M. Luisa Yolanda Varela López
Vogal segundo: Yanina Danisa Palmioli Orlandani
Vogal 2º suplente primeiro: Nerea Urbaneja Estévez
Vocal 2º Suplente Segundo – M. Amparo Vega Fernández

Distrito: 01 Sección: 008 Mesa: U

Presidente: María Isabel Martínez Sande
Presidente suplente primeiro: Rosa Mary González Pedreiro
Presidente suplente segundo: José María Pascual Rodríguez
Vogal primeiro: Cesar Pintor Roibas
Vogal 1º suplente primeiro: David Patiño Lamas
Vogal 1º suplente segundo: Ainhoa Vila Vergara
Vogal segundo: María Teresa Santos Iglesia De La
Vogal 2º suplente primeiro: Jessica Barreiro Salgado
Vogal 2º suplente segundo: José Cabado Carballal

Distrito: 01 Sección: 009 Mesa: A

Presidente: Xesús Miguel Bravo Castro
Presidente suplente primeiro: Mónica Lema López
Presidente suplente segundo: Roberto Fernández Piñeiro
Vogal primeiro: José Andrés García Rivera
Vogal 1º suplente primeiro: M. José Bouza Fernández
Vogal 1º suplente segundo: Nieves Susana Calviño Castro
Vogal segundo: Guillermo Javier Aller Fernández
Vogal 2º suplente primeiro: Aurea Freire Mancebo
Vogal 2º suplente segundo: Isaías Blanco Viloría

Distrito: 01 Sección: 009 Mesa: B

Presidente: Marcos Saavedra Vázquez
Presidente suplente primeiro: José Reboredo Fernández
Presidente suplente segundo: María José Seco Guirao
Vogal primeiro: José Luis Vallo López
Vogal 1º suplente primeiro: María Sagrario Novas Pedre
Vogal 1º suplente segundo: Tamara Novo Fernández
Vogal segundo: M. Dolores Tacón Suárez
Vogal 2º suplente primeiro: M. Luisa Sevilla González
Vogal 2º suplente segundo: Judit Vázquez Freire

Distrito: 01 Sección: 010 Mesa: U

Presidente: Purificación Irago Agra
Presidente suplente primeiro: María Del Carmen Zaballos Gala
Presidente suplente segundo: Eduardo Gutiérrez Gelaz
Vogal primeiro: Encarnación Arquillo Arquillo
Vogal 1º suplente primeiro: Ricardo Luis Rodríguez Torreiro
Vogal 1º suplente segundo: María Dolores Ferreiro Cibeira
Vogal segundo: Tania María Gestal Sánchez
Vogal 2º suplente primeiro: María José Romero Beiro
Vogal 2º suplente segundo: Fernando José Barbeito Garrido

Distrito: 01 Sección: 011 Mesa: A

Presidente: Marcos Campos González
Presidente suplente primeiro: Jorge Gestal Bello
Presidente suplente segundo: Samuel Corton Carballedo
Vogal primeiro: Margarita Fernández Zas
Vogal 1º suplente primeiro: Francisco Ferrer Peinado
Vogal 1º suplente segundo: Paula Gacio Louro
Vogal segundo: Amador Capelán López
Vogal 2º suplente primeiro: Santiago Lago Díaz
Vogal 2º suplente segundo: Diego Briega Argomaniz

Distrito: 01 Sección: 011 Mesa: B

Presidente: Marta Cristina Tome Cabrerros
Presidente suplente primeiro: Marta Muñiz Ces
Presidente suplente segundo: Ismael Rodríguez Rodríguez
Vogal primeiro: Gemma María Vidal Blanco
Vogal 1º suplente primeiro: Vanesa Rio Martínez
Vogal 1º suplente segundo: Mónica Martínez Méndez
Vogal segundo: Yolanda Vilariño López
Vogal 2º suplente primeiro: María Lourdes Mella Pazos
Vogal 2º suplente segundo: María Cristina Sierra Novo

Distrito: 02 Sección: 001 Mesa: A

Presidente: Juan Manuel Balboa Torreira
Presidente suplente primeiro: Antonio Concheiro Pan
Presidente suplente segundo: Arturo Adán Arcay
Vogal primeiro: Carmen María Dios De Cortes
Vogal 1º suplente primeiro: Ana María López Mantiñan
Vogal 1º suplente segundo: Gerardo López Romero
Vogal segundo: Josefa García Couto
Vogal 2º suplente primeiro: Rebeca López Calvete
Vogal 2º suplente segundo: Javier Abuin Treus

Distrito: 02 Sección: 001 Mesa: B

Presidente: José María Mella Roel
Presidente suplente primeiro: Antolin Rodríguez Gestal
Presidente suplente segundo: Lidia Morlán Reborido
Vogal primeiro: María Concepción Mosquera Rumbo
Vogal 1º suplente primeiro: Dolores Moar Ríos
Vogal 1º suplente segundo: José Antonio Reborido González
Vogal segundo: Noa Pérez Santos
Vogal 2º suplente primeiro: Santiago Patiño Núñez
Vogal 2º suplente segundo: José Antonio Pérez Pereiro

Distrito: 02 Sección: 002 Mesa: A

Presidente: Jorge González Romero
Presidente suplente primeiro: Judith Agilda Míguez
Presidente suplente segundo: Soledad Villa Pino Del
Vogal primeiro: José Luis Taibo Fuentes
Vogal 1º suplente primeiro: María Belén Parceró Quiñoy
Vogal 1º suplente segundo: Elisa Insua Sánchez
Vogal segundo: Juan Carlos Lamas Rey
Vogal 2º suplente primeiro: María Elena Sánchez Roca
Vogal 2º suplente segundo: José María Pan Seijo

Distrito: 02 Sección: 002 Mesa: B

Presidente: M. Elisa Taboada Dopico
Presidente suplente primeiro: Jorge Abad Casares
Presidente suplente segundo: Oscar Viñas Villa
Vogal primeiro: Raquel Blanco Ramallal
Vogal 1º suplente primeiro: Fernando Regueiro Freire
Vogal 1º suplente segundo: Francisco Javier Regueiro Freire
Vogal segundo: Manuel Fernández Prego
Vogal 2º suplente primeiro: Manuel Cortes Gómez
Vogal 2º suplente segundo: Pedro Ibáñez Brillas

Distrito: 02 Sección: 003 Mesa: A

Presidente: Fernando Vidal Bono
Presidente suplente primeiro: Emilio Maceiras Iglesias
Presidente suplente segundo: María Gema Vázquez López
Vogal primeiro: José Méndez Martínez
Vogal 1º suplente primeiro: M. José García Rodríguez
Vogal 1º suplente segundo: M. Isabel Míguez Iglesias
Vogal segundo: Laura Souto Palla
Vogal 2º suplente primeiro: Pilar García Rodríguez
Vogal 2º suplente segundo: Belén Freire Pérez

Distrito: 02 Sección: 003 Mesa: B

Presidente: M Elena Lousa Souto

Presidente suplente primeiro: José Fernández Gallego

Presidente suplente segundo: Diego Suárez Martínez

Vogal primeiro: Javier Seoane Babio

Vogal 1º suplente primeiro: M. Alejandra Carro Mahia

Vogal 1º suplente segundo: Lorena Formoso Pou

Vogal segundo: Jesús Roel Orgeira

Vogal 2º suplente primeiro: José Luis Castro Vázquez

Vogal 2º suplente segundo: Jaime Nicolás López García

Distrito: 02 Sección: 003 Mesa: C

Presidente: Cristóbal Atienza Gutiérrez

Presidente suplente primeiro: M. Purificación Martínez Maneiro

Presidente suplente segundo: Julio Ramón Pernas Vilasuso

Vogal primeiro: José Bermejo Vázquez

Vogal 1º suplente primeiro: Cynthia Cebeira Rodil

Vogal 1º suplente segundo: Alfonso Rodríguez González

Vogal segundo: Marcos Antonio Mañana Piñeiro

Vogal 2º suplente primeiro: Andrés García Pascual

Vogal 2º suplente segundo: Manuel Pérez Sánchez

Distrito: 02 Sección: 004 Mesa: A

Presidente: Emilio José Losada Mosquera

Presidente suplente primeiro: Juan Bourkaib Aguilar-Amat De

Presidente suplente segundo: Yelina Barbeito Cacheiro

Vogal primeiro: María Pilar Otero Briones

Vogal 1º suplente primeiro: Ana Patricia Mesías Mosquera

Vogal 1º suplente segundo: Manuela López Pena

Vogal segundo: Antonio Barros Ramos

Vogal 2º suplente primeiro: José Losada García

Vogal 2º suplente segundo: M Del Pilar López Lamas

Distrito: 02 Sección: 004 Mesa: B

Presidente: Antonio Sosa Paderne

Presidente suplente primeiro: José Matamoros Rodríguez

Presidente suplente segundo: Rodolfo Ernesto Cruz Ramos

Vogal primeiro: José Manuel Noya Sánchez

Vogal 1º suplente primeiro: Juan Antonio Pires Conchado

Vogal 1º suplente segundo: Miguel Legide Rego

Vogal segundo: Ana María López Seoane

Vogal 2º suplente primeiro: Carmen Regueiro Chas

Vogal 2º suplente segundo: Ricardo Roel González

2º Toma de coñecemento do escrito presentado por dona Carmen Tato Lago no que solicita se lle considere como concelleira non adscrita

Os dezanove concelleiros asistentes á sesión toman coñecemento da proposta de Alcaldía de data 19 de abril de 2011 que consta do seguinte teor literal:

“Con data 18 de abril actual rexístrase de entrada ao núm. 6677 escrito presentado por dona Carmen Tato Lago, concelleira do PSdeG-PSOE, no que comunica que abandona o grupo municipal no que se tiña integrado no seu día e, en consecuencia, solicita figurar como concelleira non adscrita.

Tendo en conta o establecido no art. 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción levada a cabo pola Ley 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, apartados primeiro e sexto:

*“Para os efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en **grupos políticos**, na forma e cos dereitos e as obrigas que se establezan, con excepción de aqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de **membros non adscritos**.*

(...)

Cando a maioría dos concelleiros dun grupo político municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados dela, serán os concelleiros que permanezan na citada formación política os lexítimos integrantes do dito grupo político a todos os efectos. En calquera caso, o secretario da corporación poderá dirixirse ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura para os efectos de que notifique a acreditación das circunstancias sinaladas.”

Tendo en conta que, en virtude do exposto, a condición de concelleiro “non adscrito” élo por mandato do lexislador.

A medio do presente, PROPOÑO ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Tomar coñecemento da renuncia a formar parte do grupo municipal socialista presentada por dona Carmen Tato Lago.

Segundo: Tomar coñecemento da condición de concelleira non adscrita de dona Carmen Tato Lago cos dereitos e os deberes individuais, incluídos os de carácter material e económico, que segundo as leis forman parte do estatuto dos membros das corporacións locais, sen poder percibir nin beneficiarse dos recursos económicos ou materiais atribuídos pola lexislación aos grupos políticos.”

3º Proposta de modificación do acordo adoptado polo pleno da corporación o 25 de marzo de 2011 respecto da composición das comisións informativas

Vista a proposta de Alcaldía de data 19 de abril de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior de data 25 de abril de 2011.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros presentes do PP, e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez e dona Carmen Tato Lago, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e os concelleiros non adscritos dona M^a Beatriz Ramos Padín, don José Antonio Baamonde López e dona M^a Jesús Vieites Mariñas.

A corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar o acordo adoptado polo pleno da corporación en sesión de 25 de marzo de 2011 respecto da integración dos concelleiros non adscritos nas comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, así como na Comisión Especial de Contas, que quedan constituídas por 16 membros coa adscrición seguinte: 3 do PSdeG-PSOE, 3 do PP, 1 de EU-IU, 1 do GM (PG) e 8 concelleiros/as non adscritos/as, tendo en conta que o número de votos dos concelleiros de cada grupo municipal presentes na comisión informativa equivaldría ao número de votos de concelleiros do grupo no pleno da corporación, iso para non alterar a esixencia de proporcionalidade.

Segundo: Tomar coñecemento da adscrición de concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE ás comisións informativas segundo o escrito presentado polo seu voceiro, tal e como se transcribe a continuación:

A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Jaime Manuel López Lisnier	Antonio Varela Saavedra
José Francisco Parceró Rial	-----
M ^a Ángeles Míguez Mouzo	Erundina Prado Arcay

B) Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Antonio Varela Saavedra	-----
Jaime Manuel López Lisnier	Erundina Prado Arcay
José Francisco Parceró Rial	M ^a Ángeles Míguez Mouzo

C) Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
José Francisco Parceró Rial	-----
Erundina Prado Arcay	M ^a Ángeles Míguez Mouzo
Jaime Manuel López Lisnier	Antonio Varela Saavedra

D) Comisión Informativa de Urbanismo e Seguridade Cidadá

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Antonio Varela Saavedra	José Francisco Parceró Rial
Jaime Manuel López Lisnier	M ^a Ángeles Míguez Mouzo
Erundina Prado Arcay	-----

E) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Antonio Varela Saavedra	-----
Erundina Prado Arcay	Jaime Manuel López Lisnier
M ^a Ángeles Míguez Mouzo	José Francisco Parceró Rial

F) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo.

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
José Francisco Parceró Rial	Antonio Varela Saavedra
Erundina Prado Arcay	-----
M ^a Ángeles Míguez Mouzo	Jaime Manuel López Lisnier

G) Comisión Especial de Contas.

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Antonio Varela Saavedra	Erundina Prado Arcay
Jaime Manuel López Lisnier	M ^a Ángeles Míguez Mouzo
José Francisco Parceró Rial	-----

A continuación, en cumprimento do disposto no artigo 96 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, cando son as trece horas e cincuenta minutos, o Sr. alcalde abandona o salón de sesións xa que os asuntos que se van a tratar de seguido aféctanlle persoalmente. Ocupa a presidencia da sesión o primeiro tenente de alcalde don Henrique Xabier Iglesias Oviedo.

4º Recurso de reposición interposto por don Antonio Varela Saavedra contra o acordo adoptado polo pleno da corporación o 30 de decembro de 2010 de desestimación de indemnización por gastos xurídicos nos que incorreu no exercicio do seu cargo como alcalde na pasada lexislatura

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 21 de marzo de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego do día de hoxe.

O Sr. presidente explica que este asunto quedara sobre a mesa no pleno do mes pasado, pendente de solicitar, ante as dúbidas xurídicas que se suscitaron, un informe á asesoría xurídica da Deputación, que chegou e é do coñecemento de todos os concelleiros e concelleiras.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que xa dixeron en anteriores plenos, e hoxe o volven a reiterar, que non poñen en dúbida o dereito que teñen os membros da corporación que foron elixidos polo pobo, á súa defensa en función do cargo de responsabilidade que lle corresponde, pero o que si poñen en dúbida é o procedemento levado a cabo, que entenderon non foi avaliado pola anterior corporación, nin sequera saben se tiñan coñecemento do feito, e por suposto a contía que lles parece excesiva, sen que exista unha desagregación na factura emitida para poder contrastala co Colexio de Avogados de Barcelona.

Ademais di que no recurso de reposición presentado, aprecian unha certa intención, coacción ou se se quere dicir, ameaza, a aqueles concelleiros que votan en contra, cuestión esta que xa ten aclarada a propia secretaria anteriormente cun informe onde determina que é o pleno o que ten que dicir o tipo de indemnización que corresponde.

Conclúe dicindo que o seu grupo vai seguir mantendo o voto, vai votar en contra, e de seguir o proceso, se é o caso e se é necesario, que sexa un xulgado contencioso-administrativo o que determine cal vai ser a contía que hai que aboar. Di que o grupo municipal de EU-IU non ten a capacidade para dicir cal é a cifra que teñen que cobrar o exconcelleiro e o Sr. alcalde, pero que seguen dicindo que lles parece excesiva.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que, como dixo na comisión informativa, non está de acordo na cantidade, que lle parece excesiva, tampouco está de acordo co recurso ameazante, pero unha vez vistos os informes tanto dos técnicos municipais como da Deputación, e á falta dese que por motivos que todos coñecen non se quixo facer por parte do Colexio de Avogados, el, persoalmente, e valorando unhas cousas e outras, non vai tomar ningunha determinación, nin positiva nin negativa neste aspecto, e vaise abster.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que a citada sentenza establece que para que se poidan indemnizar este tipo de gastos é necesario que exista unha sentenza firme absolutoria, o cal non é o caso, xa que aquí o que existe é un mero sobreseimento que pode abrirse de novo, como tamén di o informe da Deputación. Di que non vai participar co seu voto no aboamento deses custos con cargo ao peto de todos os cidadáns de Cambre.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro non adscrito, manifesta que el non pode emitir un voto negativo, xa que considera que realmente as cousas sucederon como sucederon, que este concelleiro e alcalde foron denunciados no exercicio das súas funcións como representantes da vontade popular do concello, e posteriormente foron absoltos por un tribunal, polo tanto, o seu voto non pode ser negativo, máxime cando hai uns informes técnicos e xurídicos por parte do Concello de Cambre, así como o asesor xurídico da Deputación, que son favorables para que se asuman eses gastos.

Pero conclúe dicindo que tampouco pode votar a prol porque non ten o coñecemento suficiente deste tema para valorar se a cifra é a que corresponde ou non, e, por conseguinte, di que se vai abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez e dona Carmen Tato Lago; votan en contra os tres concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita dona M^a Beatriz Ramos Padín; e abstéñense o concelleiro do GM (PG) e os concelleiros non adscritos don José Antonio Baamonde López e dona M^a Jesús Vieites Mariñas.

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Estimar o recurso de reposición interposto por don Antonio Varela Saavedra contra o acordo adoptado pola corporación en data 30 de decembro de 2010 polo que se rexeitou a proposta de indemnización polos gastos xurídicos nos que incorreu no exercicio do cargo de alcalde na pasada lexislatura e, para tal efecto, indemnizar a don Antonio Varela Saavedra a cantidade de 17.400 € en concepto de gastos de defensa xurídica ocasionados con motivo das Dilixencias previas n.º 3091/06.

5º Recurso de reposición interposto por don Andrés R. López Arcay contra o acordo adoptado polo pleno da corporación o 30 de decembro de 2010 de desestimación de indemnización por gastos xurídicos nos que incorreu no exercicio do seu cargo como concelleiro de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior na pasada lexislatura

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 21 de marzo de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego do día de hoxe.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o único que lle gustaría é insistir en que o seu voto vai ser igual que no punto anterior, non van apoiar que se paguen 17.400 euros a cada un, é dicir, 34.800 euros, por algo que eles cren que é demasiado.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez e dona Carmen Tato Lago; votan en contra os tres concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita dona M^a Beatriz Ramos Padín; e abstéñense o concelleiro do GM (PG) e os concelleiros non adscritos don José Antonio Baamonde López e dona M^a Jesús Vieites Mariñas.

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Estimar o recurso de reposición interposto por don Andrés R. López Arcay contra o acordo adoptado pola corporación en data 30 de decembro de 2010 polo que se rexeitou a proposta de indemnización polos gastos xurídicos nos que incorreu no exercicio do cargo de concelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior na pasada lexislatura e, para tal efecto, indemnizar a don Andrés R. López Arcay a cantidade de 17.400 € en concepto de gastos de defensa xurídica ocasionados con motivo das Dilixencias previas n.º 3091/06.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia